

Acta VIII Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA
Luns 23 de marzo de 2015 na Sede da Marea (García Camba, 2, 1ºA)

Sendo as 20,20 horas e co quórum requirido (23 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación se procede da acta anterior
2. Información do traballo da Coordinadora
3. Elección dos postos pendentes da lista electoral
4. Cuestións xurídicas da candidatura
5. Rogos e preguntas

ACORDOS:

1. Aprobese por asentimento a acta da asemblea anterior.
2. Información traballo coordinadora.

Informase do traballo realizado desde a anterior asemblea, fundamentalmente o contacto con líderes sociais e profesionais que apoien a Marea que deu resultados importantes, tamén a propósito das xestións para apertura da sede e para unha mínima financiación da campaña (iniciativa serigrafía Moldes, estudantes belas artes,...).

3. Elección dos postos pendentes da lista electoral

Luís explica os contactos realizados. Trátase de aprobar a relación de 5 homes e 5 mulleres para o tramo final da lista electoral.

En principio pensouse en Salomé Álvarez para pechar a lista pero declinou o ofrecemento, polo que se propón seguir buscando, e en última instancia que sexa o Coordinador da Marea, Xoán Hermida, quen peche a lista.

Aprobese por unanimidade a seguinte relación para eses 10 postos, a falta do peche de lista:

- Cruz Villaverde (A Fracha)
- Julia Lago Fernández (Estudiante Belas Artes)

- Carme Reboreda Fernández (Xogadora do club de Rugby Mareantes)
- Carmela Novoa 'Peque' (Ensinante Centro)
- Josue Jimenez (vendedor xitano)
- Rosina Hermida (Caritas Monteporreiro)
- Adolfo Riveiro Guance (Comerciante Praza Abastos)
- Abdel Fatah (representante colectivo senegaleses)
- Xoán Hermida (Coordinador Marea)

No caso de algunha modificación final, por causa de que algunha das persoas non queira formar parte da lista queda encargada a Coodinadora Xeral de pechar a lista, así coma as persoas suplentes.

4. Cuestións xurídicas.

Aprobouse que sexan Eladio Torres e Jaime Acuña, o representante e o administrador da candidatura diante da XEP e da XEZ.

A propósito da posibilidade de participar nunha coalición de ámbito galego e/ou provincial valorase que no encontro de Mareas do pasado 15 de marzo, no que a Marea Pontevedra foi a anfitrioa, fíxose o esforzo para que esta se dera.

Valorase positivamente a declaración política e o marco para unha futura colaboracións entre Mareas, pero a negativa de tres das Mareas importantes (Atlántica, Ourense en Común e Lugo Novo), así como algunha outra clave (Ames Novo, Marea Ártabra) ou a indefinición do representante de Compostela Aberta non sitúa as condicións para avanzar nun acordo de coalición.

A maior parte dos asistentes considera que a Marea Pontevedra non debe participar na coalición Son que desvirtuaría o carácter cidadá da Marea, ademais de non ter recibido unha oferta oficial. Votase por concorrer so ou en coalición con Marea Marín por maioría e so 3 votos en contra.

5. Rogos e preguntas

Non se trata ningún tema neste punto.

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 21,40 horas.

Asinado: Xoán Hermida | Secretario de Actas (Coordinador)